



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE XANEIRO DE 2012

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1860/2011.- JOSE CASTRO GONZÁLEZ.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Marconi.

LIC/1953/2009 e LAP/19/2009.- JOSE CASTRO GONZÁLEZ.- Apertura e legalización de obras de adaptación do Hostal Restaurante na rúa do Pombal, 44.

LIC/1451/2011.- MARIA MANUELA GARCIA RIAL.- Corrección de erro detectado na Xunta de Goberno Local do 24 de outubro de 2011.

LIC/1838/2011.- MILAGROS VIEITES IGLESIAS.- Corrección de erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local do día 24 de outubro de 2011.

REVOGACIÓNS

LIC/2187/2011.- SOHERMA SANTIAGO, SL.- Revogación da licenza LIC/680/2007 para construír un edificio de garaxes, trasteiros, 34 vivendas e 21 oficinas na parcela M-14.2 do SUP-6 de Santa Marta e devolución de garantía.

PARCELACIÓNS

LIC/2078/2011.- MARIA ISABEL ALVAREZ VILAR.- Parcelación da parcela 839, polígono 511 no Lugar de Aldea de Abaixo (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/2454/2011.- JOSE ALFREDO GONZALEZ FUENTES...LIC/1215/2003..... 6.311€

**LIC/2055/2009.- CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES INMOBILIARIAS POMCAR, SL...
.....LIC/346/2002.....** 171.062,46 €

LIC/2463/2011.-GALLEGA DE MECANIZADOS ELECTRÓNICOS SA...LIC/2353/2000.....
9.736,40€

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2227/2011.- CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR.- Reforma de edificio para centro de recuperación integral na Carballeira de San Lourenzo.

LIC/1106/2011.- GÉNMA TRONCOSO REGO.- Derruba de vivenda para construción dunha nova edificación na travesía de San Lourenzo 12.

3.- Proposta da concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Rexeitáronse diferentes solicitudes de axudas sociais por non cumprir os requisitos, concretamente os requisitos de ingresos.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do replanteo das parcelas UER-4 e UER-7 do solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5). A Muíña.

A XGL aprobou o replanteo das parcelas UER-4 e UER-7 do SUNP-5, A Muíña. O replanteo proposto artúclase como a mellor solución que permite a materialización dos dereitos atribuídos ao conxunto dos propietarios das parcelas afectadas, sen merma da súa superficie, aproveitamento e funcionalidade.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao Protocolo de adhesión do Concello de Santiago de Compostela para

a implantación das novas ferramentas informáticas e consolidación do planeamento urbanístico sistematizado de entidades locais no marco do programa de urbanismo en rede da Entidade Pública Empresarial RED.ES.

Ratifícase a participación do Concello de Santiago no Programa de Urbanismo en rede da Entidade Pública Empresarial RED.ES. Este acordo consiste no reforzamento do equipamento informático, implantación de novas ferramentas software para a validación, xestión, consolidación e refundido de ficheiros, entre outros usos. Outro obxectivo que se pretende con este acordo é a capacitación dos técnicos municipais en materia urbanística e dos sistemas, no uso da Consola de Planeamento. Tamén a xestión e seguemento do proxecto, incluído o soporte a usuarios durante a execución do mesmo. Este acordo ten un custo total de 27.845 € dos que o Concello achega 8.354 €.

6.- Proposta da alcaldía relativa á designación de nomes para diversas rúas.

A proposta da Alcaldía, e á vista do informe da Tesourería Municipal e ante a necesidade de nomear rúas do Concello que carecían de denominación a XGL aprobou os seguintes nomes para rúas no SUNP-25 de Roxos:

- Rúa A SUNP 25 Roxos, Rúa da Xeración Nós.
- Rúa B SUNP 25 Roxos, Rúa as torres no ar.
- Rúa do SUNP 25 Roxos perpendicular ás rúas A e B. Rúa de Simón Bolívar.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Grúa e ORA relativa á aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes.

A XGL aprobou o proxecto de modificación da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes. Preténdese con esta modificación entre outras cousas facer máis sinxela a súa comprensión, cambiar o seu contido para adaptala á normativa europea e para mellorar a xestión do sistema de aparcamento.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico e Mobilidade relativa á concesión dunha prórroga para o remate das melloras previstas pola empresa para o contrato de mantemento, conservación e reparación das instalacións dun sistema de control de tráfico.

A XGL aprobou conceder á entidade TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE, S.A. Y DAVIÑA, S.L. UTE unha prórroga de catro meses para rematar a implantación de todas as melloras previstas na súa oferta, polo que o prazo de finalización será o 30 de xuño.

9.- Servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

A XGL aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.638.739,64 €. Dado o carácter plurianual do contrato imputarase ao ano 2012 a cantidade de 682.808,18 €.

10.- Xestión conxunta dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública (ORA) e a retirada, traslado e depósito de vehículos (GRUA) en Santiago de Compostela.

Apróbase a xestión conxunta.

11 a 39.- Propostas da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa sa beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

40.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia para a asistencia social integral a mulleres inmigrantes a través de un servizo de teletradución.

Deuse conta á XGL da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia para a asistencia social integral a mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletradución.

URXENCIA

Declaración da Xunta de Goberno Local:

A Xunta de Goberno Local manifesta o seu profundo pesar polo pasamento de don Manuel Fraga Iribarne, e quere poñer de relieve neste momento o esforzo por el realizado para consolidar a capitalidade cultural e institucional de Santiago de Compostela e o propio Camiño Xacobeo; e ao tempo, a referida Xunta de Goberno Local expresa a adhesión do Concello ás medidas que por mor deste acontecemento adopte a Xunta de Galicia.

1.- Adxudícase o contrato para a realización dunha auditoría municipal á empresa Pricewaterhouse por importe de 102.000 (IVA incluído).